



CONCELLO DE MONTERROSO



ACTA DO TRIBUNAL DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DUN
TÉCNICO SUPERIOR-COORDINADOR DE DEPORTES DO CONCELLO DE
MONTERROSO- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS
FORMULADAS.

Na Casa Consistorial do Concello de Monterroso, sendo as vinte e trinta horas do día 4 de abril de 2015, baixo a presidencia de D. Juan Somorrostro Fernández, reúnense os membros do Tribunal constituído para a selección dun técnico superior-coordinador de deportes do Concello de Monterroso, e que son os seguintes:

- os vogais Noemí Fernández Pedraza, profesora de Ed. Secundaria, Bernardo Sánchez Ouro, profesor de Ed. Secundaria, Jesús Vázquez Vilarinho, profesor de Ed. Secundaria
- secretaria a do Concello de Monterroso, Leticia Rodríguez Díaz.

Esta xuntanza é debida á convocatoria realizada polo presidente do tribunal logo do escrito de solicitude de revisión da baremación de méritos presentada por José Luis Puentes Seoane o día 4 de abril de 2016.

O Sr. Puentes Seoane expón que na valoración de méritos non se tivo en conta a experiencia laboral e solicita que se revisen os contratos que adxunta. Considerando que durante o prazo de presentación de solicitudes unicamente presentou a vida laboral polo que non se podía determinar o posto de traballo desempeñado e non os contratos que adxunta agora coa reclamación, o tribunal estima correcta a puntuación outorgada ao interesado. Sinálase ademais polo tribunal que no apartado 4 das bases de selección establecease no referido á experiencia profesional que se acreditará mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral.

O Tribunal acorda que se notifique este acordo ao interesado facéndolles saber que contra esta decisión poderá interpoñer os recursos e accións que consideren en defensa do seu dereito.

O Presidente

Os Vogais

A Secretaría